



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E REPSOL PETRÓLEO, S.A PARA A DOTACIÓN DAS COLECCIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA COAS OBRAS GAÑADORAS DO PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL

### Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias.

Con este fin, procederase á dotación das coleccións das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia coas obras gañadoras das dezaseis edicións do Premio de Narrativa Breve Repsol.

### Descrición da operación

Preténdese formalizar un convenio que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Repsol Petróleo, S.A. para efectuar a dotación das coleccións das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia coas obras gañadoras das dezaseis edicións do Premio de Narrativa Breve Repsol.

### Obxectivo do convenio

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a distribución dos títulos gañadores das quince edicións do Premio de Narrativa Breve Repsol, celebradas ata a data de sinatura deste convenio, nas bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita distribución, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

As obras premiadas obxecto de distribución son as seguintes:

2006: Miguel Sande, *Se algún día esta muller morta*

Accésit Xavier Lama, *O insomnio dos centauros*

2007: Anxos Sumai, *Así nacen as baleas*

2008: Xosé Luís Martínez Pereiro, *A verdade como mal menor*





- 2010: Xurxo Sierra Veloso, *Os fíos*  
2011: Fernando Díaz-Castroverde, *Microbios e outros paquidermos*  
2012: María López Sáñez, *A forma das nubes*  
2013: Berta Dávila, *O derradeiro libro de Emma Olsen*  
2014: Santiago Lopo, *A diagonal dos tolos*  
2015: Marcos S. Calveiro, *Fontán*  
2016: Daniel Asorey, *Nordeste*  
2017: Xosé Antonio Neira Cruz, *O sono das sereas*  
2018: Antón Lopo, *Extraordinario*  
2019: Gonzalo Hermo, *Diario dun enterro*  
2020: Berta Dávila, *Illa Decepción*.  
2021: Xosé Monteagudo, *Eternity*  
2022: Alberto Ramos, *Os Corpos de Romanov*

### **Importe e tipoloxía dos fondos económicos**

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento.

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma.

### **Xustificación da necesidade de asinar o convenio**

Por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades maniféstase especial interese en asinar este convenio co obxecto de establecer o marco de colaboración da Xunta de Galicia para distribuír os títulos gañadores do Premio de Narrativa Breve Repsol nas bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, para que estas poidan mellorar a carta de servizos que ofrecen á veciñanza no seu conxunto.

A Xunta de Galicia comprométese a facilitarlle Repsol Petróleo, S.A. os nomes e contacto das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia que prestan servizo bibliotecario activo en todo o territorio galego, a colaborar e intercambiar Repsol Petróleo, S.A. a información que atinxe á posta en marcha desta dotación das coleccións bibliotecarias galegas con obras literarias de autores actuais, a distribuír, a través de medios propios, entre as bibliotecas das Provincias da Coruña e Ourense integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia (174 servizos bibliotecarios) os lotes de libros, que de xeito individualizado por centro bibliotecario, Repsol depositará en dependencias da consellería e a difundir o contido do convenio.





Pola súa parte, Repsol Petróleo, S.A. comprométese a organizar e xestionar o envío dos exemplares dos títulos gañadores do Premio de Narrativa Breve Repsol a todas as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia das que a consellería lle facilite o contacto, 300 servizos bibliotecarios dos cales 298 son bibliotecas fixas e 2 son as bibliotecas móbiles de Galicia; xestionar a distribución entre as bibliotecas das Provincias de Lugo e Pontevedra integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia (126 servizos bibliotecarios) os lotes de libros, de xeito individualizado por centro bibliotecario; a colaborar coa Consellería intercambiando toda a información precisa para o seu correcto desenvolvemento e a difundir o contido do convenio.

### **Normativa aplicable:**

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Polo tanto, **trátase da formalización dun convenio que carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas económicas** por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

